

**PROXECTO DE INNOVACIÓN EN
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
2007-2008**

IES GONZALO TORRENTE BALLESTER

1. NOTA INTRODUTORIA

Ao abeiro da Resolución conxunta do 28 de maio de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o IES G. Torrente Ballester de Pontevedra presenta un **proxecto** que sitúa o seu **carácter innovador** na pretensión de inaugurar **unha práctica escolar** que oriente profesores e alumnos cara a un compromiso **de contribuír a mellorar a calidade educativa** nun eido tan decisivo para o desenvolvemento persoal do alumno como é o lingüístico e **vehicular accións significativa** para acadar a “normalización” lingüística que o noso centro esixe e merece.

A ningún se lle oculta, e menos aínda a profesionais e individuos preocupados pola educación, que no desenvolvemento persoal do alumno ocupa a competencia lingüística un lugar de privilexio e de necesidade primaria. Se a isto lle engadimos a situación particular en que o idioma galego se atopa *hic et nunc*, cremos que resulta totalmente imprescindible poñer todos os medios, intereses e conviccións ao servizo de contribuír a que o idioma galego ocupe no uso diario, por parte de profesores, alumnos e demais membros da comunidade educativa, tanto dentro coma fóra das aulas, a posición que lle corresponde.

2. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO DE INNOVACIÓN

Para concretar os motivos que nos impulsaron a presentar un proxecto desta índole, é preciso que establezamos cal é o punto de partida dende o que iniciaremos o longo percorrido que nos levará cara a unha consecución de obxectivos que máis adiante expoñeremos. De aí que para a **xustificación deste proxecto** debamos referirnos a tres aspectos que non se poden nin deben obviar, por máis que merezan un tratamento sumario; a saber:

2.1. A realidade sociolingüística do noso centro

O IES G. Torrente Ballester é un centro público situado nun barrio de Pontevedra que, nos seus comezos, estaba nas aforas da cidade, pero agora queda integrado dentro desta. Trátase dun centro que, a partir dos datos recollidos, presenta un nivel de galeguización un pouco máis alto en comparación cos outros centros da capital pontevedresa, porque acolle un alumnado na súa maior parte procedente da periferia de Pontevedra, aínda que segue a tendencia da forte desgaleguización das zonas urbanas que afecta a Galicia en xeral e a parte atlántica máis en particular.

As enquisas realizadas no centro vertebrábanse en tres eixes: alumnado, profesorado e ámbito administrativo. Os datos extractados foron os seguintes:

No tocante ao **alumnado**

Lingua habitual na casa	galego 30%	castelán 70 %
-------------------------	------------	---------------

Lingua de comunicación dos pais (entre si)	galego 50%	castelán 50%
Lingua de comunicación pais/alumnos	galego 31%	castelán 69%
Lingua de uso habitual entre alumnos	galego 23%	castelán 77%
Lingua de máis uso no lugar de residencia	galego 46 %	castelán 54%

Destes datos podemos extraer a seguinte consideración:

Mentres que practicamente existe unha equiparación entre o galego e o castelán como idiomas utilizados no lugar de residencia do alumnado e mentres que a utilización dun idioma ou doutro para a comunicación entre pais está a partes iguais, chama a atención o feito de que:

- A lingua de comunicación entre pais e alumnos está situada nunha porcentaxe claramente favorable ao castelán, 70% fronte ao 30% do galego.
- A lingua de comunicación entre alumnado, en contra do que se podería pensar, é de maneira evidente a castelá, nunha porcentaxe do 77%, fronte ao 23% do galego.
- O incremento da porcentaxe de alumnado que vinculan o comentario de texto das PAAU ao idioma galego ten explicacións externas, entre as que está o feito de que, agás excepcións, son alumnado que cursan como optativa literatura galega.

Respecto do **persoal** docente, podemos facer as seguintes consideracións dende o punto de vista da lingua galega na súa actividade:

- Cúmprese a normativa legal vixente no tocante á impartición de determinadas materias en lingua galega. Os materiais curriculares non están todos eles en galego, pero iso obedece tamén a razóns externas de maior ou menor idoneidade destes.
- A porcentaxe de profesorado que imparte clases en lingua galega (agás os que o fan de materias correspondentes ao departamento de LGL) é do 32%.

No ámbito **administrativo**, o IES Torrente Ballester en toda a súa documentación interna e externa (agás aquela que teña que producir efecto fóra da comunidade autónoma), en todos os procesos de información aos diferentes sectores da comunidade, en todo o material que se utiliza no centro e que leva o nome deste, emprega como idioma de uso o galego.

2.2. Aspectos positivos que xa se lograron ou que se veñen realizando

Partindo dos datos estatísticos anteriores, enumeramos aquelas actuacións que serven de referencia para unha planificación máis intensa e organizada:

- Realízanse en lingua galega todas as accións que teñen que ver coa organización, administración e xestión do centro, nas súas manifestacións escritas.
- Cúmprense as esixencias mínimas establecidas pola lexislación vixente (ata o curso pasado, o Decreto 247/1995), agás no ámbito dos ciclos formativos.
- Polo que se refire ao ENL, utiliza o galego en todas as actividades programadas, tanto a nivel interno coma externo.
- Asunción dun programa mínimo de adquisición de material en galego para a biblioteca do centro.
- Información detallada no primeiro claustro de curso sobre as diferentes disposicións e instrucións tocante ao uso do galego no ámbito académico.

2.3. Carencias e aspectos mellorables

Pese aos esforzos realizados, debemos recoñecer que existen carencias evidentes e aspectos susceptibles de ser mellorados, coa aplicación de medidas orientadas a lograr un enfoque diferente do proceso normalizador da lingua galega no noso centro.

Creemos que a nosa gran misión é **crear un espazo libre de prexuízos lingüísticos** (no sentido máis amplo da expresión). Porque normalizar non é máis que facer normal, ordinario, o uso do galego e, para isto, partimos da base de que o uso do galego ten unha indiscutible compoñente psicolóxica de ACTITUDE, tanto ou máis que de APTITUDE.

Á vista dos resultados acadados coas medidas postas en práctica ata o momento, e coñecedores de que caer en exabruptos frontistas resulta totalmente estéril, propúgnase como medida ordinaria a de crear un ambiente sensibilizado coa utilización do galego, tanto na súa vertente oral coma na escrita, favorecer disposicións anímicas (das que estamos tan faltos) e garantir a comodidade e a utilidade do uso sen a impertinencia de correccións normalizadoras maximalistas que tan só contribúen á deterioración dunha relación, xa débil en por si, co idioma e ao afastamento mental deste e da súa utilización.

De entre os aspectos ou ámbitos que debemos traballar, expoñemos os seguintes:

- Ciclos formativos de grao superior.
- Biblioteca (programa de continuidade).
- Ampliación, con incorporacións voluntarias, dos membros que compoñen o ENL.
- Favorecer a atención en galego, por parte de todo o persoal, no contacto directo con alumnos e familias.
- Establecer campañas de uso do idioma.
- Actuar como foco difusor e comprometido coa realidade do contorno.

Facendo unha recompilación destes tres aspectos mencionados, cremos que está **suficientemente xustificada a presentación deste proxecto** de innovación, **porque** inclúe unha **dinámica de calidade**, xunta con **coherencia**, **esforzos antes dispersos**, favorece a **potenciación de aspectos débiles** e crea **un espazo novo de traballo**.

3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR

Calquera proxecto leva implícita a presentación dunha serie de obxectivos que deben ser logrados, a partir das estratexias que se deseñen para a súa consecución. Cremos, no noso caso, que os obxectivos presentados son de longo alcance e que, polo tanto, non se pode deixar a posibilidade de acadalos, a expensas do que aconteza nun só curso. Se se trata de instaurar unha dinámica de funcionamento, de enfrontamento das dificultades e de proxección dos resultados que se obteñan, os prazos que se determinen deben ser o suficientemente extensos e flexibles. Aínda así, por razóns de esixencia metodolóxica, expoñemos os nosos ordenados da seguinte maneira:

3.1. Obxectivos xerais

Entre eles, debemos destacar os que se convarten en marco das actuacións que se vaian realizar durante un espazo de tempo suficientemente amplo, así:

- Aplicar á situación do centro os principios xerais que se recollen no Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG).
- Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas, en calquera situación.
- Prestixiar o galego como lingua vehicular que se converte en instrumento dunha cultura que ofrece interese para mozos e non tan mozos.
- Fomentar a consideración da diversidade lingüística como un dereito e unha bagaxe cultural imprescindible para o desenvolvemento persoal dos cidadáns. O coñecemento e a competencia lingüísticos adquiridos en igualdade de condicións será a máxima que se debe perseguir e o horizonte cara ao que nos debemos orientar.

3.2 Obxectivos específicos

a) Obxectivos a curto prazo

- Compromiso do profesorado e demais membros da comunidade educativa na tarefa, como aspecto clave para acadar a implantación normalizada da lingua galega.
- Concienciar cara a unha actitude positiva respecto do uso do galego.
- Animar á formación do profesorado e procurar a adquisición de instrumentos de uso didáctico co galego como lingua vehicular.
- Promover, dende pais e alumnos, campañas de sensibilización dirixidas ao resto dos membros da comunidade educativa en xeral ou destinadas a cubrir deficiencias de ámbitos concretos.

- Definir unha liña lingüística do centro realista, respectuosa cos dereitos lingüísticos individuais e que parta de vontades manifestas.

b) Obxectivos a medio prazo

- Proxectar e desenvolver actuacións que posibiliten unha actitude positiva cara ao uso do galego en diferentes situacións, continuando co esforzo colectivo de aprender en galego as cousas relacionadas coa vida académica.
- Evitar calquera tipo de enfrontamento lingüístico, sen complexos de inferioridade, aproveitando a vontade mínima tanto de galegofalantes recentes coma dos que deciden incorporarse.
- Dispoñer de material para todas aquelas áreas que amosen disposición de impartir clases en galego.
- Fomentar a participación do profesorado en cursos de formación axeitados ás súas necesidades.
- Incluír contidos da realidade cultural galega nas programacións didácticas dos departamentos e nas actividades extraescolares.
- Prestar especial atención á situación nos centros adscritos.

c) Obxectivos a longo prazo

- Lograr que o uso do galego na vida diaria do centro (tanto dentro coma fóra das aulas) ocupe unha posición idéntica á do castelán, logrando que os monolingües devesen bilingües.
- Acadar para o galego a categoría de lingua de relación coa mesma igualdade de prestixio que calquera outra.
- Introducir a problemática sociolingüística como tema de reflexión.
- Vincular as nosas actuacións á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, tal como propugna o Decreto 124/2007, do 28 de xullo, no que se regula o uso e a promoción do galego.
- Abandonar, por absurdas e estériles, posturas apocalípticas (imperialismos autoxustificativos) e de xenreira (colonialismos acomodaticios), contraponendo unha análise seria e unha reflexión profunda da situación do galego, coa finalidade de modificar actitudes pola vía da sensibilización e creación de ambientes aptos para a súa utilización.

4. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

4.1. Proposta metodolóxica

PLANIFICACIÓN XERAL

Orientarémola en dúas direccións principalmente:

1. Unha dirixida fundamentalmente ao alumnado, co obxectivo de potenciar os usos orais e escritos máis alá da materia e aumentar a valoración do idioma dignificando o seu uso e tentando superar os prexuízos existentes dun xeito natural que fuxan das inercias que fan relacionar o uso do galego con temas só estritamente culturais e específicos dunha celebración dun día ou dunha semana, sen que se sinta que está inserido no día a día do desenvolvemento de actividades no centro.
2. Outra, destinada a concienciar o profesorado da necesidade de adoptar actitudes e prácticas pedagóxicas conectadas coa realidade, nas que o idioma constitúe un elemento de primeira orde. E tentar contar con aquelas persoas que xa de por si o empregan ou que son susceptibles de empregalo. Ademais de construír pontes para que as que non o empregan se acheguen a facelo vinculando esta actitudes como usos do plurilingüismo actual, para poder contar cunha ampla porcentaxe de profesorado implicado de xeito continuo e tamén de maneira descontinua, de ser o caso.

LIÑAS DE ACTUACIÓN XERAIS

1. Orientación, información e asesoramento lingüístico a todo o profesorado, en especial aquel que se ve afectado pola aplicación do novo decreto do uso do galego.
2. Ampliación dos fondos de materiais didácticos e dos relacionados coas TIC.
3. Proposta de actividades de formación en lingua galega

PROPOSTA METODOLÓXICA ESPECÍFICA

Nun primeiro paso, analizaremos a situación inicial que nos atopamos ao comezo de cada curso de acordo co punto **2.1.13.** do **Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG)** que textualmente di: “Realizar na memoria de cada curso escolar unha avaliación do estado de normalización de cada centro en que se dea conta, cando menos, das seguintes cuestións:

- número de materias e aulas nas que aumentou ou diminuíu o uso do galego,
- materias nas que a lingua galega non está presente,
- repercusión deses cambios na competencia e no uso do galego por parte do alumnado”.

Este curso 2007/08, a situación lingüística debe acollerse ao novo Decreto 124/2007, do 28 de xullo, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

A) Avaliada a situación anual coa que nos atopamos, a nosa proposta metodolóxica está dirixida ao alumnado de 1.º da ESO, a través dun **proxecto experimental dun plan de lectura** para o centro dentro do 1.º ciclo da ESO, que ten carácter plurianual, que deu comezo este curso 2007 en 1.º da ESO, implicando os seguintes departamentos: LCL, LGL, CCSS, MA, CCNN, EPEV, as materias de obradoiro de matemáticas, obradoiro de comunicación oral e actividades de estudo e as titorías. Os seus obxectivos básicos

son ampliar o concepto de “lectura” e elevalo á categoría de “comunicación” = comprensión + expresión. E como obxectivos colaterais ten: a) ofrecerlles aos alumnos con problemas a posibilidade de corrixir deficiencias mediante este apoio; b) ofrecerlles a todos os alumnos unha aproximación á lectura: refrescante, actual, onde se recoñezan; c) buscar materias idóneas para exercitar este plan (titorías + biblioteca: difusión de lecturas existentes; coñecemento de gustos e intereses, etc.; obradoiros (darlles densidade e obxectivos); d) empezar a configurar un modelo de lecturas alternativo; e) separar lectura de “materias de linguas”; f) elección de lecturas que non desvirtúen a esencia da materia, a ser posible. Este proxecto continuará o vindeiro ano en 2.º da ESO e a idea é ir ampliando cada ano un nivel.

Este punto trata de desenvolver o **2.1.33.** do **PXNLG**, “promover plans de lectura mediante técnicas de animación nas bibliotecas do centro e das aulas, aproveitando o protagonismo social que acadou nas últimas décadas a literatura infantil e xuvenil en lingua galega”.

Neste eido pretendemos traballar co alumnado do 1.º ciclo da ESO, a través da elección dunhas lecturas específicas que englobarían todos os xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro, co fin de que dentro de cada grupo se establecesen clubs de lectura ao redor dun libro determinado. Neste club de lectura estableceríase un alumno ou alumna coordinadora que se encargaría de guiar o resto coa actividade específica proposta polo profesorado en cada grupo. Entre estas actividades incluíríamos algunha como o **fistor** que ten, entre os seus obxectivos xerais, combater o medo ao ridículo, valorar a entoación na lectura do poema, aplicar o sentimento que se engloba nunha poesía. Para perderlle o medo á actividade relacionarémola con exemplos da actualidade que eles coñezan e impliquen unha certa modernidade ao tema, como poden ser os cantantes de rap nas batallas, que realizan creacións persoais do mesmo xeito que os nosos regueifeiros. As sesións comezarían primeiro na análise destas composicións populares hoxe, para achegarnos posteriormente ás composicións da literatura popular e chegar con posterioridade á literatura culta. Estes tres bloques quedarían secuenciados nos tres trimestres do curso escolar.

Unha vez rematado cada trimestre, escolleríanse as mellores composicións recitadas ou cantadas para gravalas e ser colgadas posteriormente na páxina web que pensamos realizar. Tamén tentariamos compatibilizar a realización desta actividade coa colaboración de proxectos como Ponte nas ondas.

Así mesmo, outra actividade específica sería a realización de sesións de **teatro lido** na aula, despois da escolla da obra específica, distribuiranse os papeis entre o alumnado e no primeiro trimestre traballaríanse os obxectivos xerais: educar a pronunciación, enriquecer a linguaxe e perderlle o medo ao ridículo. De desenvólense con éxito estes primeiros obxectivos, durante o segundo trimestre poderían crearse grupos avanzados de creación propia, na que o alumnado crease pequenas composicións realacionadas co teatro cotián que todos facemos día a día. Para o terceiro trimestre, deixariamos a posibilidade de sacar fóra da aula estas creacións e gravalas para que poidan ser escoitadas na nosa páxina web.

B) Outro eido de actuación do noso proxecto pretende sacar a normalización das aulas e fomentar as relacións interxeracionais; é dicir, que as nosas actuacións excedan as barreiras do centro, para isto implicariamos o alumnado do segundo ciclo da ESO, en

concreto o de 3.º da ESO, e articularíase un sistema de pequenas entrevistas por grupos que tratasen distintos temas: o da toponimia, o da historia recente e o da literatura de tradición oral. Así, en cada grupo de alumnos trataríanse de tratar de fomentar o traballo en equipo, de xeito que cadaquén se ocupase do seu ámbito, un alumno ou alumna realizaría a pequena enquisa, outro buscaría os informantes na súa familia ou ámbito social próximo e outro ou outros serían os encargados de facer as gravacións e transcribilas, se é necesario. Este material entraría a formar parte do proxecto conxunto que é á realización dun **ARQUIVO SONORO DE CENTRO**, que se incardina na posibilidade de poder colgar todo o material na páxina web xa citada.

No ámbito específico da literatura de tradición oral, desagregariamos o tratamento en adiviñas, contos, lendas, refráns e romarías.

C) Por último, outro ámbito do noso proxecto pretende fomentar o uso do galego nos programas de diversificación, nos cales hai unha carencia total de material en lingua galega. Neste caso, tratamos o punto **2.1.44** do **PXNLG**: “Promover a edición de libros científicos en galego, tanto edicións orixinais coma traducións doutros idiomas”.

Na nosa proposta trataríamos de traducir, coa axuda do alumnado de diversificación, os textos do ámbito lingüístico como unha actividade específica, para a cal se distribuiría o traballo entre o alumnado en varias fases, ao tratarse dun alumnado pouco numeroso. O desenvolvemento desta actividade está suxeito ao número de alumnos entre os cales se establecería un traballo de tradución que estaría guiado en todo momento polo profesor ou profesora, de xeito que este realizase os labores de corrección e introducíse o alumnado no uso das TIC no referente a estes labores: emprego de correctores, dicionarios electrónicos, tradutores (de empregárense estes últimos, o alumnado xa estaría nunha fase máis avanzada do proxecto, arredor do segundo trimestre e sería capaz de realizar as tarefas de corrección necesarias para detectar os posibles erros da tradución automática, ademais de ter xa un criterio claro da posibilidade de emprego destas ferramentas informáticas).

4.2.Actividades e contidos

Para unha maior e mellor comprensión, realizamos a seguinte síntese, a través dunha táboa que parte para a súa ordenación dos catro aspectos básicos da propia convocatoria. Así:

ASPECTOS PARA DESENVOLVER	ACTIVIDADES E CONTIDOS
1) O galego oral, novos ámbitos	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de lectura nas aulas (fomentar a utilización de obras literarias, de divulgación, textos, etc. en galego) en materias diferentes á LGL: difusión do material existente, fondo de novidades, caixa de suxestións, etc. • Animar e favorecer a realización, por parte dos alumnos, de anuncios, audicións musicais, etc. en galego. • Contribuír a eliminar os prexuízos e o medo escénico á oralidade en galego (tanto por parte de alumnos coma de profesores). • Favorecer o compromiso de utilizar o galego (profesores, alumnos e persoal non docente) en momentos non rituais.

	<ul style="list-style-type: none"> • Proxeccións cinematográficas en galego (en xornadas culturais ou actividades similares). • Semana das Letras Galegas: maratón de lectura; carteis, pins, camisetas; exposicións de material bibliográfico, audiovisual, etc. en galego. • Elaboración de material (carteis, etc.) para animar ao uso do galego en todas as situacións. • Galeguización de material (colaboración do equipo de profesores para facilitar este paso): obradoiro de tradución. • Utilización, para traballar nas clases, de xornais exclusivamente en galego: DE LUNS A VENRES, GALICIA HOXE.
<p>2) Achegamento á lingua e coñecemento da realidade sociocultural galega polos inmigrantes e alumnos con necesidades específicas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer contactos coas familias para a explicación do proxecto e favorecer no seu ámbito o uso da lingua galega. • Elaborar un plan de iniciación, mediante textos de distinta tipoloxía en galego, para alumnos inmigrantes. • Asentar bases para a creación dun programa de inmersión. • Verificar a procedencia dos alumnos e aplicar accións coa tradución de textos orixinais do país ou órbita cultural, etc. (Plan de introdución no coñecemento e uso do galego). • Propostas para a atención á diversidade: <ul style="list-style-type: none"> a) Elaboración de materiais para os PDC na parte correspondente á LGL no ámbito sociolingüístico, xa que non os hai editados. b) Favorecer o uso oral (e escrito) do galego naqueles casos onde os alumnos necesitan reforzo polo desfase curricular nas áreas instrumentais. c) Plan de adquisición do idioma galego para alumnos solicitantes de exención.

ASPECTOS PARA DESENVOLVER	ACTIVIDADES E CONTIDOS
<p>COLABORACIÓN CON ENTIDADES, ASOCIACIÓNS, EMPRESAS, ETC.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Galeguización de carnés de transporte escolar. • ANPA (campañas dirixidas aos asociados para animalos ao uso do galego) • Campañas dirixidas á galeguización de comunicacións orais ou escritas de todas aquelas entidades que usan as instalacións do centro • Colaboración externa con establecementos do contorno inmediato para proceder á galeguización de actos de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> a) Hostalería: restaurantes, cafeterías, tascas, hotel-residencia, etc. b) Comunidades de veciños c) Bancos e caixas de aforros d) Librerías e) Comercios

	<ul style="list-style-type: none"> • Colaboración para proceder á galeguización de actividades e negocios de familias de alumnos. • Asociacións deportivas e culturais. • Empresas coas que se ten convenio de colaboración para a realización do módulo de FCT en ciclos formativos. • Oferta de tradución de facturas de provedores. • Iniciativa (dirixida ás diferentes administracións) para propoñer como lectivo o Día das Letras. • Contactos co galego do exterior (afianzar as viaxes de convivencia con centros do Bierzo e posibilidade de realizar unha irmandade cos institutos desa zona).
RELACIÓN DA LINGUA COAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Adquisición de material informático e audiovisual en galego: <ul style="list-style-type: none"> a) Programas informáticos b) Recursos informáticos das diferentes materias c) CD interactivos d) Filmografía en galego • Solicitar grupo de traballo para a posta en marcha dunha páxina web do centro.

5. Ámbitos de actuación

Dadas as características do próximo curso (implantación de 1.º e 3.º da ESO, de acordo coas novas disposicións emanadas da LOE, cambios académicos nos ciclos formativos, aplicación das novas disposicións relativas ao uso do idioma galego no ensino non universitario, etc.), cremos que constitúe unha boa oportunidade reducir, de entrada (xa que a nosa intención é ampliar as actuacións a todos os niveis e etapas educativas impartidas no centro), os ámbitos de actuación aos que seguen:

ÁMBITOS	
SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA AFECTADOS	<ul style="list-style-type: none"> • PROFESORADO • ALUMNADO • FAMILIAS

<p>NIVEIS ACADÉMICOS DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> • 1.º ESO • 3.º ESO • CICLOS FORMATIVOS FPE
<p>PLAN ESPECÍFICO DE ALUMNADO NEE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • ALUMNADO INMIGRANTE <ul style="list-style-type: none"> a) Alumnado con descoñecemento das dúas linguas vehiculares de ensino. b) Alumnado con exención de galego, pero con coñecemento de castelán. • ALUMNADO ACOLLIDO ÁS MEDIDAS DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD) <ul style="list-style-type: none"> a) Adaptación curricular de grupo. b) Atención específica a alumnado con desfase curricular severo. c) Programas de diversificación curricular.
<p>PROXECCIÓN NO CONTORNO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Colaboración con empresas e entidades para galeguización dos medios comunicativos. • Colaboración con empresas e entidades coas que existen convenios de FCT.

5. RECURSOS DO CENTRO

Contaremos con dous grandes tipos de recursos que son:

- a. **HUMANOS:** constituídos por profesores, alumnos, persoal non docente e familias de alumnos que se vaian implicar na realización do proxecto. Dende a dirección do centro, órganos de coordinación didáctica e órganos de goberno prestarase a axuda necesaria para favorecer a aplicación das medidas que se consideren oportunas.
- b. **ECONÓMICOS E DE MEDIOS TÉCNICOS:** referímonos non só á axuda económica que se poida conceder, senón tamén á derivación que se poida realizar dende o orzamento xeral do centro, así como da aplicación de gastos

indirectos dos ciclos formativos. Por outra banda, os medios informáticos e audiovisuais existentes estarán á disposición dos membros da comunidade educativa que apoie a iniciativa que se plasma neste proxecto de innovación.

6. COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓN DO CONTORNO

Un punto fundamental dentro dos obxectivos deste proxecto é a conexión que se debe realizar co contorno externo inmediato ao instituto, entendido este non só nun plano físico de proximidade, senón tamén noutro de relación ou colaboración técnico-educativa. E porque consideramos que un centro educativo non só debe interpretarse como ente receptor, senón tamén que a colaboración con institucións, entidades e empresas debe asumirse como un reto dentro do proceso normalizador do idioma galego; por iso precisamente queremos facer chegar as nosas actuacións ata un elenco non moi amplo, pero si suficiente, de asociacións, empresas, institucións, entidades, etc. para que sexan un dos obxectivos básicos na nosa proposta de innovación. Entre eses organismos, podemos citar:

ADMINISTRACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• LOCAL (Concello)• PROVINCIAL (Deputación)
ASOCIACIÓNS	<ul style="list-style-type: none">• Culturais• Deportivas• Ecoloxistas• Veciñais
ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none">• Bancos• Caixas de aforro
ESTABLECEMENTOS DE SERVICIOS	<ul style="list-style-type: none">• Hostalería• Empresas de transportes
EMPRESAS	<ul style="list-style-type: none">• As de convenio de colaboración

7. FORMACIÓN DO PROFESORADO

A posta en marcha dun proxecto de innovación, sexa no ámbito que sexa, non pode quedar a expensas da voluntariedade dos membros que participen nel. A coherencia, unificación e organización do traballo colectivo deben corresponderse cun **esforzo idóneo de coñecementos adquiridos (ou, se é o caso, vontade de adquirilos), co dominio dunhas prácticas de transformación das inercias habituais e coa disposición de trasladar os logros ao resto da comunidade educativa. Estas tres condicións supoñen a necesidade de esixir e esixirnos unha formación e un asesoramento adecuados.**

Consideramos que a política de formación existente ata hai pouco **está completamente amortizada**, polo menos no que se refire a proxectos de índole tan importante como o que se nos presenta. É por isto polo que postulamos unha formación acorde coas verdadeiras necesidades de cada persoa e para cada centro. **Hai que transcender o feito dos coñecementos e trasladarnos a fases superiores que conxuguen dinámicas novas de traballo e achegas significativas no eido da normalización lingüística.**

Como consecuencia deste tipo de formación, aparece o grao de compromiso do centro e da comunidade educativa para levar adiante esta iniciativa, corroborado pola favorable postura de Claustro e de Consello Escolar.

Resulta outro punto favorable á implantación da liña innovadora deste proxecto a estabilidade do Claustro e o tradicional compromiso do profesorado deste centro con novas prácticas e utilización do galego.

Solicitaremos os **cursos ou grupos de traballo** pertinentes que nos poida ofertar ao **Centro de Formación e Recursos de Pontevedra**; pediremos o asesoramento necesario tanto no que se refire á **coordinación provincial de normalización lingüística**, como no que atinxe á **inspección educativa**. Faremos especial fincapé no inicio dun grupo de traballo conducente á **elaboración dunha páxina web**.

8. PLAN DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa, procedemos a sintetizar os diferentes aspectos susceptibles de se incluír nun plan de avaliación:

FINALIDADE DA AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Diagnosticar a situación do centro no que se refire ao proceso de normalización. • Poñer en común os diferentes puntos de vista sobre aspectos iniciais ou finais do proceso.
AXENTES	<ul style="list-style-type: none"> • Un equipo de membros representativos dos diferentes sectores da comunidade educativa. • Cada sector, diferenciadamente.
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Análise e reflexión sobre os distintos ámbitos de actuación ligados á iniciativa desenvolvida no proxecto. Validez da estratexia deseñada. • Establecer conclusións e adoptar decisións respecto das dificultades observadas, concretando os aspectos mellorables na implantación do proxecto no centro. • Implicar os diferentes membros da comunidade educativa.
FASES	<ul style="list-style-type: none"> • INICIAL: verificación da situación lingüística do centro. • FINAL: establecemento dos obxectivos conseguidos, dos non acadados e dos problemas e dificultades xurdidas.
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionarios.

	<ul style="list-style-type: none"> • Escalas de valoración. • Enquisas, entrevistas... • Reunións.
FONTES DE INFORMACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • CARÁCTER INTERNO: <ul style="list-style-type: none"> a) Alumnos b) Profesores c) Persoal non docente d) Familias • CARÁCTER EXTERNO: incidencia do proxecto no contorno inmediato (institucións, entidades, empresas, etc.)
ÁMBITOS AVALIABLES	<ul style="list-style-type: none"> • Contexto externo • Procesos iniciados • Resultados obtidos
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración do grao de satisfacción dos participantes. • Valorar o incremento do uso e a xeración dun ambiente propicio.

9. DIFUSIÓN DO PROXECTO

O feito de que nun proxecto desta envergadura se vexan implicados todos os sectores da comunidade educativa supón a creación dun sistema de difusión e información deste que determine non só o coñecemento do que se vai facer e do que se está a facer, senón tamén que exerza de *captatio benevolentiae*, co fin de asegurar a participación dun número significativo de integrantes de cada sector.

Este plan de difusión, que implícita e explicitamente supón fomentar a participación, caracterizarase por pretender contestar cinco grandes cuestións:

1. Que queremos dar a coñecer?
2. A quen lle debemos comunicar o proxecto?
3. Cando o debemos facer?
4. Quen o ten que facer?
5. Con que medios se vai realizar.

As contestacións que se lles dean ás anteriores preguntas conformarán o estilo do plan informativo, que nós resumimos na seguinte táboa:

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Dar a coñecer as características do proxecto, a finalidade, os resultados que se pretenden, os sectores implicados, etc.
------------	--

	<ul style="list-style-type: none"> • Requirit un compromiso coa innovación en prácticas escolares.
DESTINATARIOS	<ul style="list-style-type: none"> • Todos os sectores da comunidade educativa, en xeral. • Cada sector, en particular. • O contorno externo inmediato.
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> • Breve relación, pero significativa, dos obxectivos e actuacións que se pretenden realizar.
CANLES	<ul style="list-style-type: none"> • Todos os dispoñibles: reunións de principio de curso, boletíns ou cartas informativas, etc.
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Fase inicial: explicación dos obxectivos, ámbitos de actuación, chamada á implicación (contextualización). • Fase intermedia: informacións sobre actuacións de carácter xenérico en cada ámbito ou sector. • Fase final: conclusións e valoracións establecidas a partir da análise de resultados do plan de avaliación.
AXENTES	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo. • ENL. • Comisión <i>ad hoc</i>.
MECANISMOS DE PARTICIPACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Fixar reunións periódicas para a recollida de información proveniente de cada sector. • Establecer caixas de suxestións e instrumentos de transmisión de opinión (enquisas, etc.) directos.

ESPECIFICACIÓN DE REQUISITOS

ACTAS DE CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR	Copias das actas de cada órgano, indicando o parágrafo en que se menciona a realización e a participación no proxecto de innovación.	
N.º ALUMNADO IMPLICADO	<ul style="list-style-type: none"> • 1.º ESO: ± 70 • 3.º ESO: ± 70 • CICLOS FORMATIVOS (1º) : ± 60 <p>TOTAL: ± 200 (33%)</p>	
PORCENTAXE DE PROFESORADO DEFINITIVO IMPLICADO	DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO	21 (50%)
	PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN	11 (26%)
PARTICIPACIÓN DO ENL	A totalidade dos membros que compoñen o ENL comprométese a participar no desenvolvemento do proxecto.	